



CONVOCATORIA FORMACIÓN XUÍCES DE PATINAXE FREESTYLE 2026

A Federación Galega de Patinaxe convoca unha acción formativa para aquelas persoas interesadas en formarse como XUÍZ AUTONÓMICO DE PATINAXE FREESTYLE (Inline Freestyle, Roller Freestyle e Skate Cross), así como para a actualización de todos aqueles que xa exerceron como xuíces con anterioridade.

Esta convocatoria ten como obxectivo establecer unha estrutura común, progresiva e coherente de formación arbitral, garantindo a calidade técnica, a homoxeneidade de criterios e a correcta aplicación dos regulamentos vixentes nas probas organizadas no ámbito da FGP.

A formación estrutúrase en tres roles diferenciados, ordenados de menor a maior responsabilidade, aos que se poderá acceder de forma progresiva segundo a formación superada e a experiencia acreditada:

- **Xuíz Auxiliar:** persoa que realiza a formación base común e supera unha proba teórica básica, quedando capacitada para colaborar en tarefas de apoio e asistencia en competicións oficiais.
- **Xuíz Especialista:** persoa que, ademais da formación base, supera a formación específica e a avaliación correspondente a unha modalidade ou grupo de disciplinas concretas, quedando habilitada para exercer funcións arbitrais exclusivamente nesas especialidades.
- **Xuíz Principal:** persoa que acredita a condición de Xuíz Especialista en todas as disciplinas que se desenvolvan nunha mesma proba, sendo ademais requisito indispensable ter exercido como xuíz activo polo menos unha vez nos últimos tres anos.

A superación da formación correspondente e a obtención do rol asignado será requisito obrigatorio para poder exercer funcións arbitrais nas competicións oficiais da tempada 2026, segundo o nivel e as responsabilidades asociadas a cada rol.

1.- HORARIO E LOCALIZACIÓN

A parte online realizarase entre os días **20 de xaneiro e 14 de febreiro**.

A parte presencial e exames realizaranse o día **sábado 21 de febreiro** en horario de **10:30 a 15:30** na propia Federación Galega de Patinaxe (**Praza de Agustín Díaz, 3, 15008 A Coruña**) e de **17:30 a 20:30** nas probas de Nivel de IF no Frontón de Riazor (**Rúa Manuel Murguía S/N, 15011 A Coruña**).

A parte práctica realizarase o **sábado 28 de febreiro** durante a competición da **Etapla I de Liga Galega de Freestyle** organizada por Meigas Rodas en Ourense.



Convocatoria Formación Xuíces Autonómicos 2026

2.- PARTICIPACIÓN

A formación estrutúrase en tres roles diferenciados: **Xuíz Auxiliar, Xuíz Especialista e Xuíz Principal**. Para participar na formación correspondente a cada un deles, serán requisitos indispensables os que se detallan a continuación.

2.1. Xuíz Auxiliar

Poderán optar á formación como Xuíz Auxiliar aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter polo menos **16 anos** cumpridos no momento de realizar a inscrición.
- Ter formalizada a **preinscrición online** e posterior inscrición en tempo e forma.

A superación da formación base e da proba correspondente permitirá obter a condición de **Xuíz Auxiliar**.

2.2. Xuíz Especialista

Poderán optar á formación como Xuíz Especialista aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Cumprir os requisitos establecidos para **Xuíz Auxiliar**.
- Ter subscrito **algunha licenza federativa na FGP** polo menos unha vez nos últimos **4 anos**, ben sexa como patinador, xuíz, adestrador, delegado, ou varias licenzas á vez.
- Superar a formación específica e a avaliación correspondente á modalidade ou disciplina concreta á que se opte.
- Ter formalizada a **preinscrición online** e posterior inscrición en tempo e forma.

A acreditación como Xuíz Especialista será válida unicamente para as especialidades nas que se supere a formación correspondente.

A formación como Xuíz Especialista estrutúrase nas seguintes modalidades e disciplinas:

Inline Freestyle (IF)

Dentro da modalidade de Inline Freestyle establécense as seguintes especialidades independentes:

- IF - Speed Slalom
- IF - Derrapes (Slides)
- IF - Salto (Jump)
- IF - Classic / Battle

A acreditación como Xuíz Especialista en Inline Freestyle poderá obterse de forma individual por disciplina, non implicando en ningún caso a habilitación automática para o resto de especialidades IF.

Roller Freestyle

Especialidade correspondente ás disciplinas propias das probas de **Street, Park e Bowl**, segundo a normativa vixente aplicable en cada tempada.

Skate Cross

Especialidade específica que capacita para exercer funcións arbitrais nas probas de **Skate Cross, Roller Cross e Pump Track**, incluíndo formatos de percorrido, eliminatorias e carreiras, conforme á regulamentación técnica correspondente en cada modalidade.



Convocatoria Formación Xuíces Autonómicos 2026

Unha mesma persoa poderá obter acreditación como Xuíz Especialista en varias especialidades, sempre que supere de forma independente os contidos formativos e avaliacións correspondentes.

2.3. Xuíz Principal

Poderán optar á formación como Xuíz Principal (Xuíz Árbitro) aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter subscrito licenza de xuíz na FGP e ter exercido funcións arbitrais en probas oficiais en, polo menos, unha ocasión nos últimos **3 anos**.
- Acreditar a condición de Xuíz Especialista en todas as disciplinas que se desenvolvan na proba para a que sexa designado.
- Ter formalizada a **preinscrición online** e posterior inscrición en tempo e forma.

3.- PROFESORADO

O curso será impartido polo Xuíz nacional **José Manuel Lago Varela**, presidente do Comité Galego de Patinaxe Freestyle.

4.- INSCRICIÓN E COTAS

A taxa de inscrición para novos xuíces autonómicos é de **30 €**.

A taxa para xuíces con licenza en activo (actualización ou reciclaxe) e xuíces árbitros é de **10 €**.

O importe ingresarase na conta da Federación Galega de Patinaxe co concepto:
“Curso XUÍZ AUTONÓMICO FREESTYLE, nome e apelidos”.

IBAN: **ES25 2080 0042 5230 4002 2018**

Os interesados deberán realizar unha preinscrición online a través do seguinte enlace:

<https://forms.gle/xUfziHj9YX8GgNE68>

A data límite de preinscrición remata o próximo **19 de xaneiro de 2026 ás 19:00 horas**.

Posteriormente manterase un prazo de **5 días laborais** para a confirmación da inscrición, co envío do xustificante de pago, a través do correo electrónico: comitefreestyle@fgpatinaxe.gal.

O mínimo de participantes para que saia o curso é de **5 alumnos/as**. En caso de non acadar esta cantidade, devolveranse todas aquelas inscricións previamente formalizadas.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria Formación Xuices Autonómicos 2026

5.- DISPOSICIÓN FINAIS

As datas poderán verse modificadas en función de circunstancias externas a este Comité e á propia Federación Galega de Patinaxe. Calquera modificación será notificada coa debida antelación.

A Coruña, a 08 de xaneiro de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle

Convocatoria Formación Xuices Autonómicos 2026

ANEXO I. Programa formativo e contidos por roles

1. Estrutura xeral da formación

A formación desenvolverase en tres fases, conforme ao indicado na convocatoria:

- a) Formación online (contidos comúns e introdución normativa)
- b) Formación presencial e exame (sesións teórico-prácticas e avaliación)
- c) Práctica en competición (aplicación real en pista baixo coordinación do equipo arbitral)

A superación das fases e avaliacións correspondentes determinará a acreditación do rol alcanzado (Xuíz Auxiliar, Xuíz Especialista e/ou Xuíz Principal), de acordo cos criterios establecidos neste anexo.

2. Contidos comúns para todos os roles (base)

2.1. Marco organizativo e responsabilidades

- Estrutura arbitral en probas da FGP
- Funcións e límites de cada rol (Auxiliar, Especialista, Principal)
- Principios de imparcialidade, confidencialidade e conduta

2.2. Normativa e procedementos xerais

- Regulamentos aplicables por modalidade e disciplina
- Procedementos de competición: acreditación, chamadas, quendas, comunicacións oficiais
- Incidencias, reclamacións e protestos: tipoloxía, prazos e canles de tramitación segundo normativa aplicable
- Criterios de actuación e coordinación coa organización

2.3. Ferramentas e documentación

- Actas, rexistros e modelos de control
- Procedementos de verificación, evidencias e revisións cando proceda
- Boas prácticas de coordinación con organización, speaker/MC e persoal técnico

3. Contidos específicos por rol

3.1. Xuíz Auxiliar (formación base + proba básica)

Obxectivo: capacitar para tarefas de apoio operativo e control básico durante a competición.

Contidos mínimos:

- Fluxo dunha proba: fases, chamadas, orde de saída, tempos e incidencias
- Control de tempos e quendas (inicio/fin, interrupcións, incidencias de pista)
- Rexistro e apoio documental: listaxes, resultados provisionais, orde de participación
- Apoio técnico e loxístico: coordinación de pista, material e comunicación coa mesa arbitral
- Procedemento de recollida e conservación de evidencias cando se solicite (vídeo / foto / observación)

Resultado esperado:

- Capacidade para asistir ao equipo arbitral garantindo orde, trazabilidade e apoio documental



Convocatoria Formación Xuices Autonómicos 2026

Avaliación asociada:

- Proba teórica básica (contidos comúns + procedementos xerais)
- Exercicio práctico guiado (simulación de control de quendas, tempos e rexistros)

3.2. Xuíz Especialista (por modalidade/disciplina)

Obxectivo: capacitar para xulgar con solvencia técnica unha modalidade ou disciplina concreta.

Reglas xerais do rol:

- A acreditación obtense por especialidade
- A acreditación habilita exclusivamente para as especialidades superadas
- Pódense obter varias especialidades de forma independente

3.2.1. Inline Freestyle (IF) - especialidades independentes

a) IF - Speed Slalom

- Regulamento específico e condicións de validez
- Procedemento de quendas, intentos, penalizacións e incidencias
- Criterios técnicos e operativos: cronometraxe, faltas, repeticións/invalidacións
- Rexistro e consolidación de resultados

b) IF - Derrapes (Slides)

- Regulamento específico e condicións de validez
- Identificación e criterios técnicos (execución válida, control, remate, erros)
- Penalizacións e supostos frecuentes
- Rexistro, clasificación e desempates cando aplique

c) IF - Salto (Jump)

- Regulamento específico e condicións de validez
- Criterios de validez do intento, nulos e repeticións
- Medición/rexistro de alturas e control de intentos
- Seguridade e procedemento operativo en pista

d) IF - Classic / Battle

- Regulamento específico e condicións de validez
- Criterios de avaliación e aplicación do sistema de puntuación correspondente
- Sistema de xestión de penalizacións
- Consistencia de criterio e tratamento de incidencias
- Procedemento de desempates e resolución de empates cando aplique

Convocatoria Formación Xuices Autonómicos 2026**3.2.2. Roller Freestyle (Street, Park e Bowl)**

- Regulamento específico e condicións de validez
- Criterios de valoración técnica (execución, dificultade, variedade, control e fluidez)
- Penalizacións e supostos frecuentes (interferencias, saídas de pista, elementos non válidos)
- Procedemento de avaliación e consolidación de resultados segundo normativa aplicable

3.2.3. Skate Cross (inclúe Skate Cross, Roller Cross e Pump Track)

- Regulamento específico e condicións de validez
- Procedemento de eliminatorias/carreiras: chamadas, mangas, progresións e clasificación
- Incidencias típicas: saídas, invasións, bloqueos, caídas, interferencias e sancións
- Criterios de desempate e resolución de reclamacións e protestos conforme á normativa aplicable

Avaliación asociada ao rol de Especialista:

- Proba teórica específica por especialidade
- Exercicio práctico/simulación da especialidade
- Validación en práctica real (competición) cando proceda

3.3. Xuíz Principal (Xuíz Árbitro)

Obxectivo: capacitar para liderar e coordinar a mesa arbitral, unificar criterio, atender e resolver reclamacións e protestos, e garantir a trazabilidade completa da competición, incluíndo a elaboración de ordes de saída e o control e publicación de resultados.

Contidos mínimos:

- Coordinación do equipo arbitral: asignación de funcións, fluxos de traballo e comunicación interna durante a proba
- Dirección e control do procedemento de competición: chamadas, quendas, tempos, incidencias e reaxustes operativos
- Atención, tramitación e resolución de reclamacións e protestos: recepción formal, análise, consulta de evidencias cando proceda, resolución motivada e comunicación conforme a prazos e canles establecidos
- Aplicación de sancións e medidas disciplinarias conforme á normativa
- Xeración e validación de ordes de saída: elaboración, publicación interna e xestión de cambios por incidencias (baixas, reordenacións, emparellamentos, mangas, etc.), segundo procedementos establecidos
- Control de resultados: supervisión da recollida de datos, consistencia, revisión de incidencias que afecten á clasificación, consolidación de resultados provisionais e finais
- Publicación de resultados: validación final, comunicación de resultados oficiais e peche documental (actas, listaxes finais e rexistros), segundo o procedemento definido pola organización e a FGP
- Xestión de revisións e evidencias cando proceda e peche documental da proba

Avaliación asociada:

- Proba teórica avanzada (procedementos, casuística, normativa e responsabilidades)
- Supostos prácticos de dirección arbitral (casos con elaboración de orde de saída, tratamento de incidencias, reclamacións/protestos e consolidación/publicación de resultados)
- Observación e validación en práctica real (competición) cando proceda



Convocatoria Formación Xuices Autonómicos 2026

4. Criterios de acreditación e efectos

4.1. Acreditación de Xuíz Auxiliar

- Obtida tras superar a formación base e a proba básica correspondente

4.2. Acreditación de Xuíz Especialista

- Obtida tras superar a formación e avaliación da especialidade concreta
- A acreditación será válida unicamente para as especialidades aprobadas

4.3. Acreditación de Xuíz Principal

- Obtida tras superar os contidos e avaliacións do rol, e cumprindo os requisitos previos establecidos na convocatoria
- Para efectos de designación en probas, o Xuíz Principal deberá contar coa condición de Xuíz Especialista en todas as disciplinas efectivamente convocadas na proba correspondente
- Correspóndelle a responsabilidade de validación e oficialización de resultados, así como o peche documental da proba, segundo procedemento establecido

5. Materiais e soporte documental

A organización facilitará, cando proceda:

- Guía/resumo de regulamentos aplicables
- Modelos de actas, rexistros, ordes de saída e listaxes de resultados
- Casos prácticos e supostos de avaliación
- Criterios de unificación e notas técnicas para a tempada 2026